

COMPRA – VENTA

- Véndense cabritos e cabritas da raza Murciano-Granadina:

Cabritas de ata un mes de vida.....	60 €/animal
Cabritas de máis dun mes de vida	14 €/ Kg vivo
Cabritos de ata un mes de vida	20 €/animal
Cabritos de máis dun mes de vida	7 €/ Kg vivo
Cabritas de recría de 3 a 5 meses de vida	140 €/animal

Como Cabras S.C.G. Castro Caldelas, Ourense. Tel.: 659083339 e 628474264

- Véndense castrón: 628937098 Negueira de Muñiz

- Véndense castróns para recría 619593558 Pol

- Véndense añas de recría de explotación non positiva a Maedi e Paratuberculose. Tel.: 680714263

- Véndense 50 cabras e cabritos. Tel.: 690868886 Toén – Ourense

- Véndense 6 ovellas. Tel.: 981808211 (Lucía) Brión – A Coruña

- Véndense 20 ovellas e 14 dereitos. Tel.: 981753948 / 639433378 (Ramona)

- Véndese esterco de ovella. Tel.: 659325161 (Miguel) Maceda – Ourense

- Véndense cachorros de mastín, 150 €/ud Tel.: 618778378 (Adriano)

- Véndense 150 ovellas de leite (Assaf) e 100 cabras de leite (Alpina). Tel.: 605037405 Silleda

- Véndense 4 cachorros de mastín vacinados e desparasitados. Tel.: 686451071 Allariz – Ourense

- Ofrecese pastor con experiencia. Tel.: 980632048 (Roberto)

- Ofrecese traballador para explotación. Tel.: 664576626

- Cómprase empacadora CLAA5 MARKANT 55/60/65/70 ou 75. Tel.: 952773282 (Manuel Martín)

XORNADAS

O 27 e 28 de abril de 2009 celebrouse no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo as I Xornadas Técnicas Agroalimentarias que nacen como preámbulo do Salón E para comer Lugo que se celebrará para 2010. Nela participou a cooperativa COVIGA cunha intervención a cargo do seu presidente Alfredo Márquez. Na súa exposición expuxo os obxectivos da cooperativa e as dificultades da xestión cooperativista.



FEIRA DE SILLEDA

Do 11 ao 14 de xuño celebrarase a XXXII Feira Internacional Semana Verde de Galicia. Esta nova edición convertirase nun certame de mostras multisectorial pero a Semana Verde segue apostando polo sector primario máis concretamente polo da gandería. Como ven sendo habitual OVICA está traballando para asistir a esta feira.

DESVELLE

Se queres desfacerte de animais para desvelle chama a OVICA para apuntarte xa que se están a organizar recollidas destes animais e é previsible poder realizar desvelle nas próximas datas.



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 47 ABRIL 2009

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

LEXISLACIÓN

Ministerio de Economía y Hacienda

- [ORDEN EHA/823/2009](#) (BOE do 3 de abril de 2009)

Devolución das cuotas do Imposto sobre Hidrocarburos a agricultores e gandeiros do período 2007-2008. PRAZO ATA O 30 DE XUÑO!!! Os interesados poden poñerse en contacto con OVICA.

Consellería do Medio Rural

- [ORDE DO 29 DE XANEIRO DE 2009](#) Solicitud unificada da PAC. Aínda que o 30 de abril remata o prazo pódense presentar solicitudes ata o 26 de maio, se ben os importes da axuda reduciranse un 1% por día hábil desde o 30 de abril, excepto en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Ministerio de la Presidencia

- [REAL DECRETO 361/2009](#) (BOE do 28 de marzo de 2009) polo que se regula información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados a sacrificio.
- [REAL DECRETO 560/2009](#) (BOE do 9 de abril de 2009) polo que se modifica o RD 1612/2008 sobre a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería.

Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino

- [REAL DECRETO 486/2009](#) (BOE do 17 de abril de 2009) polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e medioambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagos directos no marco da PAC, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural, e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arranque de viñado.

RAZA: BLANCA CELTIBÉRICA



Será no 1951 cando se diferenciara a Blanca Celtibérica da Blanca Andaluza aínda que con outros nomes. Foi unha raza sometida a múltiples cruzamentos indiscriminados con outras razas polo que sufriu unha gran redución de efectivos puros, hoxe en día estase recuperando co maior grao de pureza posible. Na actualidade localízase a raza Blanca Celtibérica en tres Comunidades Autónomas: Castela a Mancha, Murcia e Andalucía, existindo en cada Comunidade unha Asociación de Gandeiros. As zonas de pastoreo están situadas na Serranía de Cuenca, Montes Universales, Serra do Segura e Serra de Gádor e son de extremas condicións tanto pola climatoloxía invernal como pola baixa calidade dos pastos.

Morfoloxía: capa branca, cornos en espiral moi desenrolados, perfil recto, bos aplomos, tamaño medio (machos 75-85 Kg PV e 70-80 cm de alzada á cruz, femias 45-60 Kg de PV e 60-75 cm de alzada á cruz).

Raza de gran rusticidade, lonxevidade e capacidade para a produción de carne en sistemas extensivos cunha media de produción de 1,5 cabritos por cabra e ano.



COVIGA
evolución na calidade



CAIXA RURAL GALEGA

ANIMAIS DESTINADOS A SACRIFICIO

Desde a entrada en vigor do [REAL DECRETO 361/2009](#) polo que se regula información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados a sacrificio finaliza a obriga de aportar un certificado veterinario de aptitude para o sacrificio. O cumprimento da obriga de apartación de información á cadea alimentaria que establece este novo RD tradúcese en que o produtor (titular dunha explotación gandeira) deberá aportar unha serie de información ao responsable do matadoiro ao que envíe os seus animais para sacrificio, mediante a cumprimentación dunha declaración. Existe un modelo que foi consensuado entre a Consellería de Sanidade e a do Medio Rural, válido para dar cumprimento ás esixencias desta nova normativa.

PAGOS DIRECTOS A AGRICULTURA E GANDERÍA

No [REAL DECRETO 560/2009](#) introdúcese modificacións dalgúns criterios de aplicación dos pagos directos da PAC para agricultores e gandeiros, despois do "chequeo médico". Basicamente axústanse determinados elementos das axudas directas e avánzase cara unha simplificación do réxime de pago único. Algunhas das disposicións deste Regulamento entran en vigor desde principio do ano 2009 e outras a partir do 2010. As primeiras supoñen medidas establecidas de modo fixo no Regulamento e son o obxecto deste RD. Dentro das segundas disposicións, as que entrarán en vigor desde o 2010, hai algunhas que tamén son fixas e outras supoñen un marxe de flexibilidade para que cada país, dentro da Unión Europea, realice as súas oportunas eleccións. Unha vez se tomen as correspondentes decisións en España e dado que significarán un cambio en maior profundidade, serán obxecto doutro futuro RD. Polo tanto, dentro das modificacións, que recolle este RD, destaca a supresión da obriga de retirada de terras a partir do 1 de enero de 2009, polo que os dereitos de retirada establecidos anteriormente se poden xustificar nas hectáreas suxeitas ás mesmas condicións de admisibilidade que calquera outro dereito.

Tamén destaca como novidade o incremento na modulación aos pagos directos e o feito que a modulación se aplicará só sobre o importe por encima dos 5.000 euros que se conceda a un agricultor. Debido a esta simplificación e a diferenza de anos anteriores, non se realizará una redución para logo reembolsala aos mesmos titulares, por lo que se eliminou o pago do importe adicional de axuda.


Outra modificación é que o período fixado para reintegrar á reserva nacional os dereitos de pago non utilizados reduciuse de tres anos a dous anos aplicándose a tódolos tipos de dereitos de pago. Ademais, os dereitos de retirada de terras e os dereitos procedentes da reserva nacional equipáranse na utilización e cesión aos dereitos de axuda normais.

CABRAS SUBIDAS A UN ARGÁN

As cabras marroquís soben a esta árbore que se chama argán para comer as follas, os brotes tenros e os froitos en época de sequía.

Os froitos son moi ricos en aceite, dise que é o aceite máis caro do mundo, chámasele o ouro líquido de Marrocos. Unha vez rumiados as cabras expulsan os osos dos froitos que é de onde se saca o aceite, que pode chegar a custar 100 €/litro.

Este aceite é coñecido polas súas excelentes propiedades nutritivas e cosméticas.



MANEXO E SANIDADE

Durante estes meses estase a realizar a rapa nos rebaños de gando ovino. Este manexo é fundamental para o benestar dos nosos animais. Ademais sírvenos para ver a condición corporal na que se atopan as ovellas despois de pasalo inverno.

Hai que recordar que se temos ovellas que se atopan xestantes o seu manexo debe ser coidadoso para evitar posibles abortos. No caso de producirse algunha ferida tratarémola cun spray antibiótico para evitar infeccións.

Outra medida fundamental é o control dos parasitos externos e, o momento posterior a rapa é perfecto para levala a cabo. Dependendo das instalacións podemos realizala de dous xeitos: empregando un baño antisárnico ou mediante pulverización con mochila. Calquera dos dous xeitos é válido, aínda que o máis completo é o baño, xa que nos aseguramos de que o animal se empapa completamente co tratamento insecticida.

Este tratamento serve para controlar sarnas, carrachas e piollos. Ademais de ter efecto sobre pulgas. Por iso serve tanto para ovellas como para cabras.

Tamén podemos aproveitar a rapa para ver o estado dos pezuños dos nosos animais, e se necesitan que se lles realice un recorte para previr o desenrolo de enfermidades e garantir o benestar dos animais. Son tres as finalidades deste recorte funcional preventivo: recoñecer e valorar o estado dos pezuños, sanear as suelas, talóns e o espazo interdixital reducindo así o crecemento das bacterias anaerobias e favorecendo a eficacia do pediluvio e corrixir o crecemento excesivo.

Para máis información contactade co voso veterinario/a da **ADSG ACIVO** quen tamén vos poderá facilitar os produtos necesarios.



IDENTIFICACIÓN DE OVINOS E CAPRINOS

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino (MARM) vai incorporar á lexislación española o Regulamento 933/2008, que supón cambios na normativa comunitaria, polo que o RD 947/2005 que recolle as normas sobre identificación e rexistro de animais ovinos e caprinos sufrirá unha modificación.

A modificación máis destacada é que se permitirá a utilización de crotais electrónicos en lugar do bolo ruminal en caprino así como chips inxectables ou marcas electrónicas. Para que estas alternativas sexan válidas estarán aprobadas pola autoridade competente e incluíranse no documento de traslado dos animais o tipo de dispositivo e a súa localización exacta no animal.

Informaríasevos cando este cambio sexa realizado.

